

BASES XERAIS DE ADMISIÓN DO CURSO “MERCHANDISING LITERARIO AROUSA NORTE”

O curso “Merchandising literario” é una iniciativa da Mancomunidade de municipios Arousa Norte que xorde co obxectivo de promover a creación de pezas souvenir asociadas aos principais escritores que naceron e/ou desenvolveron parte da súa obra nos Concellos de Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Riveira. Trátase de potenciar a creación de merchandising orientado á venda no sector turístico a través da participación de creadores/as e artistas residentes nos 4 municipios nomeados, contado o gran potencial creativo existente nos mesmos.

1 PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán participar todas aquelas persoas maiores de 18 anos dedicadas á arte, a artesanía ou o deseño que residan nalgúns dos 4 municipios que conforman Arousa Norte (Boiro, Riveira, A Pobra do Caramiñal e Rianxo).

O número máximo de participantes é de 20 persoas. En caso de que afluencia fose moito maior, valorarase a posibilidade de aumentar o número de prazas.

2 SOLICITUDES E PRAZO DE INSCRICIÓN

As solicitudes a este programa formativo, segundo o modelo de ficha que se anexa, cubriranse e remitiránse por correo electrónico ao seguinte enderezo:
concursomlarousanorte@gmail.com

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección de participantes dará lugar a exclusión automática do programa formativo.

O prazo para presentar as solicitudes **empezará o día 10 de setembro de 2014 e rematará o 18 de setembro de 2014.**

No caso de non cubrirose as prazas poderase ampliar o prazo de presentación de solicitudes.

3 SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

A selección do alumnado realizarase por rigoroso orde de inscrición.

4 LISTADO DE PERSOAS SELECCIONADAS

Logo de rematar o prazo de inscrición, publicarase ⁽¹⁾ un listado das persoas admitidas para a realización do curso.

5 REXIMEN DE ASISTENCIA E CERTIFICADOS

As persoas interesadas poderán solicitar o certificado de asistencia no último día do curso.

A expedición de certificados de asistencia supéditase á acreditación dunha presenza mínima do 80% das horas do curso de formación, ademais da valoración global realizada pola empresa do alumno/a. Terase en conta para a súa valoración a actitude do alumno/a, así como o seu comportamento no desenvolvemento da actividade formativa.

Poderase penalizar por expulsión da actividade formativa por faltas de actitude e de comportamento, podendo penalizar esta entidade ao alumno/a en outras actividades formativas que realice a Mancomunidade.

As persoas admitidas que por calquera circunstancia sobrevida non poidan asistir, deben renunciar mediante un escrito ou email remitido a concursoamarousanorte@gmail.com.

No caso de non confirmar antes do inicio do curso a non asistencia ou de abandonar o curso dará lugar a exclusión de participación en outros cursos organizados pola Mancomunidade Arousa Norte polo período dun ano.

6 PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal da **Mancomunidade de Municipios ría de Arousa zona norte** (en adiante Mancomunidade AN), con C.I.F. P1500018E e enderezo en **Praza de Galicia, sn, Boiro** infórmalle que os datos facilitados formarán parte do ficheiro de datos "formación" (en adiante "ficheiro"), debidamente inscrito ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Os datos son recollidos coa finalidade de xestionar a inscrición do alumnado no curso de formación "merchandising literario Arousa Norte".

Os datos de carácter persoal incorporados no ficheiro serán facilitados a empresa que xestionará o curso de formación.

Calquera usuario/a poderá exercer os dereitos ARCO (acceso, rectificación, cancelación e oposición) sobre os seus datos persoais así como o de revogación do consentimento para calquera das finalidades antes sinaladas, enviando á Mancomunidade AN unha carta debidamente asinada o seguinte enderezo: Praza de Galicia, sn 15930 Boiro, no que consten claramente os datos de contacto, á cal deberá acompañarse fotocopia de seu DNI/NIF/NIE ou documento que acredite a súa identidade.

7 CONTACTO

Para calquera dúbida en relación a este programa formativo poden poñerse en contacto coa empresa organizadora do curso no teléfono 617 657 812 e no correo electrónico concursomlarousanorte@gmail.com

8 PROGRAMA FORMATIVO

CURSO: Merchandising literario Arousa Norte

NÚMERO DE HORAS: 6 h

PRAZAS: 20

OBJECTIVOS:

- Promover a creación de pezas *souvenir* asociadas aos principais escritores que naceron e/ou desenvolveron parte da súa obra nos Concellos de Rianxo Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Riveira.
- Poñer en coñecemento do alumnado a vida e obra dos escritores máis relevantes dos concellos de Ribeira, A Pobra, Boiro e Rianxo.
- Dar a coñecer exemplos de *merchandising* cultural doutros destinos turísticos.
- Proporcionar os recursos técnicos e materiais cos que poder crear pezas susceptibles de presentarse posteriormente ao concurso e funcionar como *souvenirs* da zona.

CONTIDOS:

- Exemplos de *merchandising* cultural noutros destinos turísticos.
- Principais conceptos na vida e obra de Castelao, Rafael Dieste, Manuel Antonio e Valle-Inclán.
- Pasos e recursos no deseño dunha peza *souvenir*.
- Deseño individual dun obxecto.
- Materialización do deseño dun obxecto *souvenir* literario.

METODOLOXÍA:

A primeira sesión levarase a cabo a través dunha presentación, composta na súa maioría por imaxes, a través da cal se contextualizará o tema que nos ocupa e servirá como inspiración para a creación das pezas. Trátase de aportar todos os recursos posibles, de maneira que o intercambio de coñecemento e de ideas axude a que cada unha das persoas vaia construíndo o deseño do obxecto que creará. Cada participante contará con material didáctico no que irán recollidos os datos expostos na exposición e poderá ir complementando co que se aporte a maiores durante a clase.

Na segunda sesión, crearase un espazo de traballo no que se materializará a idea xurdida na primeira sesión. Se ben cada participante traballará na súa, fomentaranse as achegas colectivas, co obxectivo de acadar unha maior calidade nos resultados e un ambiente de colaboración entre as persoas participantes.

MATERIAL:

Cada participante recibirá un *dossier* cos contidos do curso.

O material necesario para o obradoiro valorarase en función dos materiais e ferramentas cos que adoiten ou queiran traballar as persoas inscritas. Porase en todo caso, o preciso para que cada unha delas poida levar cabo o seu traballo con comodidade: tesoiras, pinces, agullas, lás, madeira, telas, etc.

DATAS: 20/09/2014 e 27/09/2014

HORARIOS: de 17.00 h a 20.00 h

LUGAR: Centro Social de Boiro

Nota ⁽¹⁾: As publicacións realizaranse no blog de emprego da Mancomunidade de Municipios Arousa Norte (<http://arousanortemprego.wordpress.com/>) e no taboleiro de anuncios da Mancomunidade.

Bases aprobadas por decreto de presidencia con data de 05/09/2014